

## NORMAS DE USO

- Na biblioteca podemos ler, escribir, estudar, debuxar, buscar información; e para todo iso, é necesario **manter certo silencio**, permitindo o traballo e a lectura de todos e todas.
- É moi importante **coidar os libros**, non dobralos, engurralos, manchalos... Os libros que levas en préstamo deben voltar en perfecto estado; se o perderas ou estragaras, deberás repoñelo ou abonar o seu importe.
- Se atopas algún **libro en mal estado** deberás comunicalo ás axudantes da biblioteca para que o garden na **caixa de reparacións**.
- Os ordenadores poderanse utilizar, tras pedir permiso ao profesorado encargado da biblioteca, para buscar información ou consultar o catálogo. Non haberá máis de dúas persoas no mesmo ordenador.
- Toma a túa **merenda** do recreo **antes de entrar** na biblioteca.
- **Respecta ás axudantes da biblioteca** e pídelles axuda se buscas algún libro concreto; elas son as que mellor a coñecen e poderanche orientar.
- A **orde** dentro da "biblio" é fundamental. Coloca os libros no lugar onde o colliches co lombo para fóra. Se non sabes, pide axuda ás colaboradoras. As sillas tamén deben quedar recollidas cando nos vamos.

## ESPAZOS

- \* O espazo é reducido; por iso, é importante manter a orde para permitirnos utilizala ao maior nº de usuari@s.
- \* **Zona de Literatura:** Nestas estanterías están os libros de fición: narrativa, poesía, cómic, teatro, contos, ... ordenados por niveis lectores.
- \* **Zona de Coñecementos:** Libros de temáticas diferentes (natureza, historia, xeografía...) organizados pola CDU.
- \* **Zona de Consulta:** Nesta zona están os libros de información xeral como enciclopedias, dicionarios, atlas,... que non se poden levar en préstamo.
- \* **Zona de Lectura e Traballo:** No centro da sala hai mesas e sillas con 25 postos. Como o espazo ao redor é xusto, é moi importante sentarse ben para deixar paso aos compañeir@s que deben levantarse.
- \* **Zona de Ordenadores:** Os dous ordenadores con acceso a internet son para facer consultas. Hai dous taburetes xunto a eles; xa que só poden traballar dous alumn@s ao mesmo tempo.
- \* **Zona de Infantil:** Esta zona está dotada con mobiliario axeitado para alumnado de infantil; por iso debemos reservala para uso exclusivo deles.
- \* **Zona de Préstamo:** As mesas da entrada onde debemos acudir para o préstamo.
- \* **Zona de Exposición:** Nos expositores dentro ou fóra da sala aparecen novidades ou libros recomendados. **Lembra: non se poden levar mentres estean alí.**

## HORARIO E PRÉSTAMO

### HORARIO

A biblioteca está **aberta**:

- Durante todo o **horario lectivo** para uso do alumnado co seu titorado en quendas asignadas.
- Durante os **recreos**, en que funcionará o servizo de préstamo.
- Tódolas **tardes de catro a seis**, agás os martes, que abrirá no recreo de mediodía.



### PRÉSTAMO INDIVIDUAL

- Debes **entregar o carnet** (que gardarás na aula, non se pode levar á casa) para levar libros. Só o alumnado de 1º ciclo o gardará na propia biblioteca.
- Podes levar **dous libros durante quince días**.
- As **películas** ou **CDs** prestaranse só a partir de 3º curso, dende o **venres ata o luns** seguinte.
- Os libros de consulta non se prestan e tampouco aqueles que levan unha indicación específica.

### PRÉSTAMO AULA

- Un lote do mesmo título durante o tempo necesario.
- Un lote de títulos diferentes durante un mes.
- Libros informativos durante o tempo do desenvolvemento do tema (dúas semanas).
- Estes libros son retirados polo profesorado deixando rexistrada a súa retirada.